

O 'GRAN LUGO DE NEBRA' DE NOVONEYRA PRESENTÁSE NA GALERÍA SARGADELOS



De esda a der.: Xesús Regueiro, Blas Lourés, López Orozco, Elba Rei, Antón Bao, Pilar García Negro e Henrique Alvarellos.

- A obra ofrece un total de 51 textos —en verso e prosa— escritos entre 1955 e 1999.
- A profesora María Pilar García Negro é a responsable do estudo introdutorio, e as ilustracións de Xesús Blas Lourés acompañan parte dos poemas.
- Este é o volume dedicado a Lugo que o poeta quixo facer en vida, pero que non chegou a ver.
- A Vicepresidencia 1ª da Deputación de Lugo-Área de Cultura e o Concello colaboran na edición.

*Ás veces canta o Norde
unha pasión de lonxes
i as murallas pechando un gran Lugo de nebra
pechando abertas (...)*

Estes versos inéditos de Uxío Novoneyra (1930-1999) abren *Gran Lugo de nebra*, un volume presentado hoxe na Galería Sargadelos na cidade amurallada e que reúne, por vez primeira, a obra dispersa, esquecida ou non publicada do autor sobre a cidade de Lugo. *"Eiquí inda sigue Galicia fortemente*



alvarelos

EDITORIA

reconocible i enteira”, di noutro intre. Doce dos textos son rigorosamente inéditos: catro poemas e oito escritos en prosa.

Esta é a obra sobre Lugo que o poeta —a quen este ano 2010 se lle dedican as Letras Galegas— quixo facer en vida, á que se referiu en varias ocasións dende comezos dos anos oitenta, pero que non chegou a ver publicada.

A profesora da Universidade da Coruña, María Pilar García Negro, leva a cabo un fondo estudo introdutorio sobre a obra de Novoneyra e a súa conexión coa cidade (*“En Lugo, na miña cidadá, onde comencei a dormir normalmente”*, escribe o poeta en 1960). E o pintor Blas Lourés ilustra, pola súa banda, algunhas das páxinas aquí rescatadas.

Así mesmo, o Concello de Lugo e a Vicepresidencia 1ª da Deputación-Área de Cultura colaboraron nesta edición.

GRAN LUGO DE NEBRA reúne, en total, medio cento de composicións: 38 poemas e 13 textos en prosa, que abarcan cinco décadas de vida e devoción pola cidade amurallada, dende 1955 ata 1999, ano do falecemento do escritor.



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarelos.info
www.alvarelos.info